

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 10 DE FEBREIRO DE 2020.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.^a M^a Guadalupe Pombo Carril
D. Diego Antonio Taibo Monelos
D.^a Marta M^a Figueroa Fuentes
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta M^a Iglesias Becerra
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Yessica Méndez Sánchez

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar M^a Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e coreta e cinco minutos do día dez de febreiro do ano dous mil vinte, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde-presidente, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D.^a M^a Guadalupe Pombo Carril, D. Diego Antonio Taibo Monelos, D.^a Marta M^a Figueroa Fuentes, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta M^a Iglesias Becerra, D. Carlos Liñares Gestal e D.^a Yessica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.^a Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar M^a Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 3 DE FEBREIRO DE 2020.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día tres de febreiro de dous mil vinte, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 3 de febreiro de 2020.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Real Decreto-lei 3/2020, do 4 de febreiro, de medidas urxentes polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español diversas directivas da Unión Europea no ámbito da contratación pública en determinados sectores; de seguros privados; de plans e fondos de pensións; do ámbito tributario e de litixios fiscais. BOE núm. 31 do 05-02-2020.
- Resolución do 24 de xaneiro de 2020, da Consellería de Política Social -Secretaría Xeral Técnica-, pola que se publica o Plan de Inspección de Servizos Sociais de Galicia para o ano 2020 e a avaliación do plan do ano 2019. DOG núm. 24 do 05-02-2020.
- Resolución do 30 de decembro de 2019, do Instituto Galego da Vivenda e Solo, pola que se convocan, para o ano 2020, con carácter plurianual, as subvencións dos Programas de fomento do parque de vivenda en alugamento e de fomento de vivendas para persoas maiores e persoas con discapacidade do

Código do documento	Código do expediente
USG14I0053	USG/2020/30
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4661 2I43 5F1N 6R0R 00LE	

Plan estatal de vivenda 2018-2021 (códigos de procedemento VI432C e VI432D). DOG núm. 25 do 06-02-2020.

- Orde do 8 de xaneiro de 2020, da Consellería de Cultura e Turismo, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico e para a mellora das coleccións bibliográficas, con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento CT235A). DOG núm. 27 do 10-02-2020.
- Orde do 7 de xaneiro de 2020, da Consellería de Cultura e Turismo, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 código de procedemento CT236A). DOG núm. 27 do 10-02-2020.
- Resolución do 19 de decembro de 2019, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, pola que se aproba o Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2020-2021, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020 (código de procedemento MR701E). DOG núm. 27 do 10-02-2020.
- Anuncio do 31 de xaneiro de 2020, da Deputación Provincial da Coruña, de aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2020, primeira fase. BOP núm. 23 do 04-02-2020.
- Anuncio do 31 de xaneiro de 2020, da Deputación Provincial da Coruña, de aprobación das bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixida aos concellos, agrupacións de concellos, mancomunidades e outras entidades locais da provincia da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística (SLN) de 2020. BOP núm. 24 do 05-02-2020.
- Extracto da resolución número 2020/3843, do 3 de febreiro, da Presidencia da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a convocatoria do Programa de subvencións a concellos e entidades locais para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais, musicais e de artes escénicas na provincia da Coruña durante o ano 2020 (FO221/2020). BOP núm. 26 do 07-02-2020.
- Extracto da resolución número 2020/3842, do 3 de febreiro, da Presidencia da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a convocatoria do Programa de subvencións a concellos e entidades locais para o mantemento de conservatorios, escolas de música e escolas de danza municipais durante o ano 2020 (FO207/2020). BOP núm. 26 do 07-02-2020.
- Extracto da resolución número 2020/3846, do 3 de febreiro, da Presidencia da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a convocatoria do Programa de subvencións a concellos e entidades locais para o mantemento ou creación de postos de traballo de persoal técnico nos servizos municipais de cultura en 2020 (FO206/2020). BOP núm. 26 do 07-02-2020.
- Extracto da resolución número 2020/3847, do 3 de febreiro, da Presidencia da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a convocatoria do Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o mantemento ou creación de postos de traballo de persoal técnico nos servizos municipais de deporte en 2020 (FO106/2020). BOP núm. 26 do 07-02-2020.
- Extracto da resolución número 2020/3845, do 3 de febreiro, da Presidencia da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a convocatoria do Programa de subvencións a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación, durante o ano 2020 (FO216/2020). BOP núm. 27 do 10-02-2020.

C.I.F. P-1503100-H

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- A Sra. Méndez Sánchez dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes actividades da Concellería delegada de Participación cidadá, educación e medio rural:

2 de 4

Código do documento	Código do expediente
USG14I0053	USG/2020/30
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4661 2I43 5F1N 6R0R 00LE	

“ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN

EDUCACULLEREDO 2019/2020

A) ACTIVIDADE: Radio interxeracional.

Programa: Educación para os medios.
Datas: 10 de febreiro (4ª sesión).
Horario: de 10:00 a 13:30 h.
Colexios participantes: CEIP Ría do Burgo.
Curso: 4º de EP.
Nº participantes: 42.
Lugar: biblioteca escolar.

B) ACTIVIDADE: Comigo non contes, plástico;

Programa: Educación ambiental.
Datas: 10, 11, 12 e 13 de febreiro (1ª sesión).
Horario: de 9:50 a 12:20 h.
Colexios participantes: CEIP Ría do Burgo e CEIP Vila de Rutis.
Curso: 5º EP.
Nº participantes: 90.
Lugar: aulas+ ría do Burgo + río Trabe.

C) ACTIVIDADE: Obradoiro de resolución pacífica de conflitos.

Programa: Educación emocional.
Datas: 11 de febreiro (2ª sesión).
Horario: de 09:50 a 11:30 h.
Colexios participantes: CEIP Ría do Burgo.
Curso: 3º EP.
Nº participantes: 54.

C) ACTIVIDADE: RelaciónAT.

Programa: Educación para a convivencia. Plan municipal contra o absentismo escolar.
Datas: 10 de febreiro.
Horario: 17:10 a 18:00 h.
Colexios participantes: IES Blanco Amor.
Curso: 4º ESO.
Nº participantes: 28.”

C.I.F. P-1503100-H

2.2.2.- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta a Xunta de Goberno Local das seguintes actividades da Concellería delegada da Área de Desenvolvemento local, cultura, festas e turismo:

“ACTIVIDADES CULTURAIS

MARTES 11, MÉRCORES 12 E XOVES 13 DE FEBREIRO:

Conservatorio Profesional de Música de Culleredo.
Talleres: *El piano hoy ¿conoces la revolución reciente del piano?*
Organizado por Yamaha. Para alumnos/as do Conservatorio.

VENRES 14 DE FEBREIRO

Biblioteca Cardeso Liñares de Vilaboa. 18.30 h:
Contacontos coa Dragóna Ramona: *Kevin*.
Nenos/as a partir de 3 anos. Entrada libre.”

Código do documento	Código do expediente
USG14I0053	USG/2020/30
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4661 2I43 5F1N 6R0R 00LE	

2.2.3- O Sr. Liñares Gestal dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellería delegada da Área de Medio ambiente, obras e servizos:

“

- Resolución núm. 81 de data do 29/01/2020, pola que se autoriza o uso especial por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, SA dos terreos de dominio público municipal afectados para canalización da liña eléctrica de baixa tensión soterrada, no lugar de Outeiro de Abaixo, s/n, da parroquia de Culleredo.
- Resolución núm. 82 de data do 29/01/2020, pola que se autoriza o uso especial por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, SA dos terreos de dominio público municipal afectados para canalización da liña eléctrica de baixa tensión soterrada, na parroquia de Fornos, no terreo coa referencia catastral núm. 2584402NH3728S0001XI.

Resolución núm. 133 de data do 03/02/2020, pola que se require a D. M. A. S. R. para que no prazo dun mes retire o vehículo estacionado de forma indefinida na vía pública, na R/. Agustín Abelaira, s/n, marca Seat, modelo Córdoba, matrícula M1821TW.”

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e cincuenta minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe
O alcalde-presidente
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H